Biblioteca Municipal
“Enrique Rivera Rouco”

Mercado Municipal. Rúa Alexandre Bóveda, s/n

15320 As Pontes de García Rodríguez

Tel. 981 102 562

biblioteca@aspontes.org

Biblioteca Rivera Rouco

BIBLIOTECA
Biblioteca Municipal Enrique Rivera Rouco

CONCURSO DE MARCAPÁXINAS
DÍA DO LIBRO 2023

“Debúxame un conto”



Prazo de presentación:
Do 15 de marzo ao 15 de abril de 2023

Concello de
As Pontes
de García Rodríguez

BIBLIOTECA
Biblioteca Municipal Enrique Rivera Rouco

CONCURSO DE MARCAPÁXINAS
DÍA DO LIBRO 2023

1. PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso todos os nenos e nenas en base ás seguintes categorías:

1ª categoría: de 0 a 4 anos (con axuda da familia)
2ª categoría: de 5 a 8 anos
3ª categoría: de 9 a 12 anos

2. TEMA

O tema das ilustracións será: "Debúxame un conto"
Deixa voar a túa imaxinación sobre o mundo dos libros.

3. CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS

Os traballos deberán ser orixinais e realizaransen nunha soa cara. A súa presentación deberá realizarse nunha plantilla que se recollerá na Biblioteca a partir do 15 de marzo.

4. PRESENTACIÓN

A súa presentación realizarase na Biblioteca, á súa recepción, o persoal da Biblioteca asignará un número de orde de entrada e só admitirá un orixinal por autor ou autora.

As obras deberán entregarse nun sobre pechado, indicando no mesmo "Concurso de Marcapáxinas da Biblioteca Municipal" e a categoría na que se participa (1ª, 2ª ou 3ª). Dentro deberá incluírse o marcapáxinas elaborado na súa plantilla e un sobre pechado máis pequeno cos datos da autora ou autor (nome, apelidos, idade e teléfono).

O prazo de entrega de traballos finalizará o día 15 de abril de 2023.

5. XURADO E FALLO

O Xurado estará composto por persoal da Biblioteca do Concello das Pontes, así como un profesional do deseño gráfico, que seleccionarán o traballo gañador de cada categoría atendendo a criterios de calidade, creatividade e orixinalidade das obras.

6. PREMIOS

O fallo darase a coñecer o 20 de abril. Os premios consistirán en lotes de libros e pinturas para o gañador ou gañadora de cada categoría, así como a publicación das obras gañadoras en forma de marcapáxinas. As obras participantes no concurso poderanse ver nunha exposición na Biblioteca.

7. OBSERVACIÓNS

A Biblioteca Municipal das Pontes resérvase o dereito de publicar e difundir o nome dos gañadores e gañadoras nos medios que considere necesarios para dalos a coñecer. A participación no concurso supón a aceptación das presentes bases na súa totalidade. Calquera imprevisto que non estea recollido nesta convocatoria será interpretado e resolvido polo Xurado.